



# Freguesía e Couto de Gaibor

David Corral

## Presentación

Coñecer o noso pasado contribúe a comprender mellor a nosa identidade como pobo e as raíces en que se sustenta. A historia de Gaibor arranca séculos antes da nosa era coa comunidade castrexa asentada no lugar que hoxe ocupa igrexa e cemiterio. Continuaría coa civilización romana despois do século segundo da que é sinal a "*Villa Gavioli*", que dá nome a esta localidade de Gaibor, para seguir poboándose con pequenos núcleos e casais dispersos ata quedar configurada nos límites que hoxe a definen.

Non podemos seguir a traxectoria da comunidade gaiborense nos primeiros séculos porque como é natural non hai documentación para poder seguila, só podemos deducila dos datos xerais que explican a evolución da poboación rural no noroeste peninsular.

Hai na historia referencias a Gaibor desde o século IX, unhas relacionadas co mosteiro de Sobrado, outras con documentos da diocese. Un documento do século XII, que delimita as Terras de Montenegro polo sur, cita: as Gándaras de san Paio, Fontefría e o Barrazoso para seguir en dirección ao río Ladra e a ponte de Noche.

A partir do século XIII as parroquias aparecen xa configuradas non só como espazos de convivencia social, económica, cultural, senón tamén como comunidade relixiosa arredor do templo como connotación principal. Sobre este asunto detémonos un pouco en describir a situación do templo parroquial e os problemas para a súa reconstrución no século XIX debido ao estado ruinoso en que se atopaba, aconsellando un lugar distinto para unha igrexa de nova planta.

Freguesía e Couto son dúas realidades que conflúen no pasado na comunidade gaiborense dándolle un carácter especial. No eido